



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
persoal@sada.gal

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou hoxe o Decreto núm.351 que a continuación se transcribe literalmente:

Asunto: **Corrección de erros nas bases do proceso selectivo de persoal técnico en orientación laboral aprobadas polo Decreto núm.297/2019**

Advertido erro nas bases da convocatoria do proceso selectivo dunha (1) praza de Técnica/o de Orientación Laboral, aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm.297/2019, do 19 de febreiro. Na base 4ª.2, relativa á presentación das instancias, onde se reflicte

"4.2.- As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3ª, e achegarán inescusablemente a seguinte documentación:

- *Xustificante de pago da taxa de participación (base 5ª)*
- *Fotocopia do DNI ou documento identificativo en vigor*
- *Fotocopia da titulación esixida na base terceira letra f) desta convocatoria.*
- *Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso. Nesta relación de méritos a persoa aspirante realizará unha autovaloración da puntuación que estime sobre os méritos alegados, segundo o modelo achegado como anexo III a estas bases.*

O correcto é:

4.2.- As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3ª, e achegarán inescusablemente a seguinte documentación:

- *Xustificante de pago da taxa de participación (base 5ª)*
- *Fotocopia do DNI ou documento identificativo en vigor*
- *Fotocopia da titulación esixida na base terceira letra f) desta convocatoria.*
- *Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso. Nesta relación de méritos a persoa aspirante realizará unha autovaloración da puntuación que estime sobre os méritos alegados, segundo o modelo achegado como anexo III a estas bases.*
- *Documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo o establecido na Base 8ª, en orixinal ou copia cotexada por fedatario público ou por funcionario competente, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non se aleguen e non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias".*

Resultando que no BOP núm.37, do 21-2-19 publicouse o anuncio que determinou a apertura do prazo de presentación das instancias.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía resolve :

1. Modificar as bases do proceso selectivo dunha (1) praza de Técnica/o de Orientación Laboral.
2. Ampliar o prazo de presentación de instancias ata o 4-3-2019.
3. Publicar esta resolución na web municipal".

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

-Taboleiro, Web e Sede electrónica

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.gal>